



NOTA INFORMATIVA

INSCRIPCIÓN NOS CURSOS PREPARATORIOS DAS PROBAS CELGA 2014

1. Todas as persoas interesadas en asistiren a un dos cursos ofertados que figuran no cadro deberán formalizar a súa inscrición nos gabinetes provinciais de Normalización Lingüística ata o día 31 de marzo (incluído), por medio dun correo electrónico dirixido ao gabinete provincial correspondente.

Enderezos electrónicos:

- Gabinete provincial da Coruña: expl.acoruna@xunta.es (teléfono 981 184 720)
- Gabinete provincial de Lugo: expl.lugo@xunta.es (teléfono 982 294 162)
- Gabinete provincial de Ourense: expl.ourense@xunta.es (teléfono 988 386 659)
- Gabinete provincial de Pontevedra: expl.pontevedra@xunta.es (teléfono 986 805 957)

No correo de inscrición deben indicar os seguintes datos:

- Nome e apelidos
- NIF
- Enderezo electrónico e teléfono de contacto
- Curso ao que desexan asistir (nivel, centro de impartición e localidade)

NON SE ADMITIRÁ OUTRA FORMA DE INSCRIPCIÓN

2. A admisión nos cursos farase por estrita orde de inscrición ata cubrir as prazas ofertadas.

3. No caso dos cursos nos que haxa dispoñibilidade de prazas, o profesorado encargado da súa impartición determinará novas inscricións ata cubrir as prazas vacantes durante os primeiros días de desenvolvemento do curso.

4. No caso de non haber inscricións abondas para a organización dun curso, as persoas interesadas poderán ser redixiridas a outros que se impartan en centros próximos.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2014
A subdirectora xeral de Política Lingüística,

Concepción García Vaamonde

